

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASETE.**

En Paradela, a vinte e seis de xaneiro de 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dez minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asiste a Concelleira D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ, xustificando a súa ausencia por motivos de traballo surxidos a última hora.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E CATRO DE NOVIEMBRE DE 2016.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 24 de novembro de 2016 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 24 de novembro de 2016. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros presentes na sesión, sendo nove o seu número legal de membros.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2016-0219 ao 2016-0239 e dende o 0001-2017 ao 0005-2017).

O Pleno dase por enterado.



**Concello de  
Paradela**

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre, sen que se produza rogo ou pregunta algunha.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e catorce minutos do vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Vº e praxe**

**O Alcalde**

**Asdo.: José Manuel Mato Díaz**

**O Secretario-Interventor**

**Asdo.: José López González**

**Documento asinado electronicamente ao marxe**